

42

- ○ ○ ○ ○ EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ○ ○ EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ○ ○ ○ CREATIVIDADE
- ○ ○ ○ ○ VOCABULARIO
- ● ● ○ ○ ESCOITA ACTIVA
- ● ○ ○ ○ TRABALLO EN GRUPO
- ● ○ ○ ○ DIFICULTADE

10 ou máis participantes
20 minutos

Panda

Atención. Reflexos

ZAPATIÑO QUIETO É

MATERIAIS

Non precisa materiais.

ESPAZO

Espazo sen obstáculos e no que sexa posible desprazarse polo menos 7x4 metros.

DESCRIPCIÓN

Unha persoa panda e as demais sitúanse detrás dunha liña afastada. Mentres quen está na panda conta, as persoas que xogan pódense mover. Unha vez que a que panda remata de contar e dá a volta, os participantes deben quedar conxelados. No caso de que o da panda vexa a alguén mover, convidarao a que regrese á liña de saída. Cando un dos participantes chega á panda, bate ben na parede ou no lombo de quen panda e berra "panda!". Nese momento, todas as persoas corren para a liña de saída. No caso de que quen estaba na panda dea pillado alguén polo camiño, ese será o novo pandote. Se non apaña a ninguén, recunca. Para contar hai mil variantes. Os máis simples e divulgados:

"Un, dous, tres, zapatiño quieto é"

OU

"Un, dous, tres, zapatiño inglés, sen mover as mans nin os pés"

